



## MÁSTER DE ATENCIÓN SANITARIA, XESTIÓN E COIDADOS

### CARACTERÍSTICAS DO TFM

#### Natureza do TFM

Os TFM consistirán na elaboración por parte do estudante, de forma individual ou en grupo (máximo 2 membros), dun proxecto, traballo, memoria ou estudo orixinal no que se integren e desenvolvan os coñecementos, capacidades, competencias e habilidades adquiridos durante os estudos realizados no MASXC. Incluirán, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de resultados relevantes, redacción, e presentación e defensa do traballo. Estarán orientados á avaliación das competencias asociadas á titulación como: capacitar para a procura, xestión, organización e interpretación de datos relevantes, normalmente da súa área de estudo; emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas destacados de índole social, científica, tecnolóxica ou ética, e que facilite o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.

#### A memoria do TFM incluirá, a lo menos, os seguintes contidos/apartados

O TFM terá unha portada na que conste o título do traballo, o nome e apellidos do/a alumno/a a convocatoria e o ano.

- ⌚ A continuación incluírase o formulario de autoría do TFM asinado polo/a alumno/a é polo tutor/ a (“Formulario 1 -Autoría do traballo” que estará dispoñible na web da Facultade de Enfermería).
- ⌚ No caso da modalidade traballo ou estudo orixinal, a lo menos, os seguintes apartados: Índice, Resumo estruturado (introducción, obxectivos; material e métodos, resultados e conclusións), Introducción, Xustificación e Obxectivos, Hipótese (se procede), Métodos, Resultados, Discusión, Conclusións, Bibliografía e Anexos (se procede).
- ⌚ No caso da modalidade proxecto, a lo menos, os seguintes apartados: Índice, Resumo estruturado (introducción, obxectivos; material e métodos), Introducción, Xustificación e Obxectivos, Hipótese (si procede), Métodos, Cronograma de tarefas, Viabilidade e custos, Resultados previstos, Bibliografía e Anexos (se procede).

O TFM estará paxinado, sendo a extensión máxima de 30 páxinas, según os seguintes criterios:

A numeración iniciase na primeira páxina do apartado de “Introducción” e terminará na primeira páxina do apartado de “Bibliografía”. A extensión entre a primeira e a última páxina citada non pode superar as 20 páxinas.

Os apartados de “Bibliografía” e “Anexos”, Terán unha extensión límite de 10 páxinas.

#### Fonte

O traballo estará escrito en letra Arial ou TMS Roman, tamaño 12. No caso das táboas e figuras o tamaño de letra será 10.

#### Interlineado

O interlineado será de espacio e medio.

#### Márxenes

Serán de 3 cm no caso dos márxenes inferior e superior. Os marxenes esquerdo e dereito serán de 2,5 cm e 2 cm, respectivamente

#### Idioma


A elaboración e defensa do traballo poderanse efectuar en calquera das linguas que se utilizaron na impartición do MASXC conforme ao disposto na memoria de verificación do título, sempre que se poidan establecer tribunais competentes nas devanditas linguas.

En todo caso, garantírase o dereito a elaborar e defender os traballos en calquera das dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma, salvo que a natureza da titulación esixa a súa defensa noutra lingua.

#### Modalidades do TFM

Poderá realizarse de forma Individual ou en grupo

No caso do TFM en grupo o desenvolvemento será, fundamentalmente un proxecto coordinado, integrado como máximo por 2 alumnos/as, con delimitación de tarefas entre os membros do grupo de acordó co esquema adxunto.



## Defensa

Os TFM e n t r e g a d o s só poderán ser defendidos e avaliados unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao ou máster, salvo os correspondentes aos propios traballos.

A CA MASXC deberá verificar que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa defensa. Para estes efectos, no caso de que na data de defensa aínda non se recepcionaran todas as actas de avaliación das materias, o/a secretario/a do centro responsable da titulación solicitará do profesorado encargado das materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que vaia defender os traballos na mesma convocatoria.

- 🕒 A defensa do traballo requirirá o informe previo e preceptivo do/a titor/a. O titor/a terá que reazar dito informe na secretaria virtual no prazo establecido polo calendario académico do Máster.

O alumnado que, unha vez feita a entrega do traballo no campus virtual e verificadas as

- 🕒 condicións para a súa defensa, non se presente á defensa do TFM na data asignada, terá a cualificación de suspenso nesa oportunidade.

A defensa do traballo será realizada polo/a estudante de xeito presencial. Non obstante o

- 🕒 anterior, para casos excepcionais debidamente autorizados pola CA MASXC, poderá realizarse a defensa por medios telemáticos, coas garantías que se determinen na autorización.

### Datas para a celebración das defensas

- 🕒 A Facultade de Enfermería, a través da CA MASXC, atendendo a criterios organizativos e de programación docente, concretarán as datas para a celebración das defensas dos traballos nos intervalos temporais que determine o calendario académico.

## AVALIACIÓN DO TFM

### Cráterios

A cualificación farase de acordo cos seguintes cráterios:

Informe do tutor/a\*: 30%

Memoria: 50%:

Adecuación dos contidos a estrutura proposta: 25%.

Claridad da exposición dos contidos: 25%

En todo caso terase en conta o artigo 12, nos puntos 12.1 e 12.2 da normativa xeral na que se recolle que “Os TFM deben ser traballos orixinais de elaboración propia e deben citarse debidamente as fontes que se tiveron en conta para a súa realización. O incumprimento do indicado no apartado anterior suporá a cualificación de “suspenso”.

Defensa:20%

Exposición: 10%

Contestación a preguntas/debate: 10%”

\*informe do Titor/a: 30%

\*O Informe do titor/a recollerá o visto e prace para a defensa do TFM. E ademais, recollerá a lo menos a valoración do cumprimento das tarefas e o cumprimento dos obxectivos fixados.

O/a titor/a programará sesións de traballo cos estudantes, nas que establecerá a programación das tarefas a realizar e orientará o traballo. Será responsable de expor a cada estudante as características do traballo, de orientalo no seu desenvolvemento e de velar polo cumprimento dos obxectivos fixados, así como de realizar o seguimento e emitir informe preceptivo e confidencial sobre este seguimento no prazo que estableza o centro antes da defensa do traballo e para os efectos de que se teña en conta para a avaliación establecida no artigo 9 da presente normativa.

### Cualificacións cualitativas

Os tribunais deliberarán sobre a cualificación que lle corresponde conforme aos criterios de avaliación publicados na guía docente e a o disposto na memoria de verificación do título, outorgando a cualificación de acordo coa seguinte escala numérica, de 0 a 10, con expresión dun decimal, á que se engadirá a súa correspondente cualificación cualitativa:

- Non Presentado (NP)
- 0 - 4,9: Suspenso (SS)
- 5,0 - 6,9: Aprobado (AP)
- 7,0 - 8,9: Notable (NT)
- 9,0 - 10: Sobresaliente (SB)

### Mención de “Matrícula de Honra”

Poderá ser outorgada a estudantes que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0.

O/os tribunais poderán formular as propostas a MH a estudantes que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0.

O seu número non poderá exceder do 5% do alumnado matriculado nesa materia no correspondente curso académico. Se o número de alumnos é inferior a 20, poderase outorgar unha matrícula de honra.

A mención de MH só poderá outorgarse unha vez rematadas as defensas de todos os traballos correspondentes ao curso académico.

De constituíse un tribunal único para todas as convocatorias, será este o que outorgue as matrículas de honra que correspondan. Noutro caso, a atribución desta cualificación corresponderalle á CA MASXC, oídas as propostas dos diferentes tribunais. A CA MASXC otorgará as MH mediante proceso de revisión das memorias dos TFM.

### **Publicación das cualificacións**

A cualificación farase pública nos taboleiros de cualificacións do centro no que se realice a defensa, nun prazo non superior a sete días dende a súa defensa.

### **Revisión de cualificacións**

O alumnado ten dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de facer públicos os resultados provisorios.

As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados e incluírán como mínimo dúas datas opcionais. Para estes efectos o mes de agosto será inhábil e non computará neste prazo.

A revisión será persoal e poderá realizala un ou varios membros do tribunal. En todo caso deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data en que se realizou mediante calquera sistema que acredite a súa realización.



## Master de Atención Sanitaria, Gestión y Cuidados

O Proxecto Fin de Máster, titulado “

” fói realizado polo/a abaixo firmante.

Santiago de Compostela, de                      de 201...

**Alumno/a**

**Vo Bo tutor/a**

)



## Master de Atención Sanitaria, Gestión y Cuidados

El Proyecto Fin de Máster, titulado “

” ha sido realizado por el/la abajo firmante.

Santiago de Compostela, de                      de 201...

**Alumno/a**

**Vo Bo tutor/a**